



PLAN DIXITAL

IES XULIÁN MAGARIÑOS

[Versión 1.0_ xuño 2022]
Aprobado en Consello Escolar 30/06/2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES Xulián Magariños
- Dirección: Avda. Castelao, 23. 15830 Negreira
- Correo electrónico: ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal
- Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/>
- Oferta educativa: ESO, Bacharelato (modalidades Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais), Ciclo Básico de Formación Profesional (Servizos comerciais) e Ciclos Medio e Superior da Familia Profesional de Informática (Grao Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes e Grao Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede)
- N.º alumnado: 436
- N.º profesorado: 52

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O IES Xulián Magariños é un instituto de tamaño medio inserto nunha vila, Negreira, cabeceira da comarca de A Barcala, que suma arredor de 15000 habitantes en total. A principal actividade económica da comarca é a agropecuaria se ben a vila ofrece variados servizos, un bo comercio de proximidade e un pequeno parque empresarial con empresas de loxística, panadería, construción, e maquinaria de tratamento de augas. A empresa máis importante da zona é Feiraco, sita no concello veciño de Ames. Posúe boas comunicacións coa capital autonómica e concellos veciños.
- O alumnado reside na súa maioría no centro urbano da vila cunha paulatina diminución do alumnado das aldeas do concello, o que se reflicte no uso do transporte escolar, cada vez menos demandado. O alumnado dos ciclos medio e superior ten procedencia máis variada.
- Na comarca apenas hai outras opcións para ampliar a formación se exceptuamos varias academias de idiomas. Negreira é unha vila pequena, sen tradición industrial e tecnolóxica e con nula oferta formativa no ámbito técnico científico ou dixital, a non ser os ciclos de formación profesional implantados no instituto.

- Ao longo do tempo estívoise a producir na comarca de Barcala un declive no número de alumnado que se decanta polos estudos de ciencias e tecnoloxía, do que somos testemuñas no noso centro educativo e que pouco a pouco tratamos de revertir a nivel de centro dentro das nosas posibilidades. Nestes últimos anos o departamento de tecnoloxía fixo o esforzo por ofertar unha materia opcional de segundo de ESO (programación) e unha materia propia en 1º de bacharelato (modelado e impresión 3D) . Ademais oferta como actividade extraescolar e gratuíta un club de robótica, actividades por medio das cales se pretende estimular o interese do alumnado (tanto masculino coma feminino) por estudos STEM
- Ademais desa oferta propia recollida no proxecto educativo de centro, somos dende hai un ano centro EDIXGAL, o que supuxo unha substancial mellora de dotación de equipos para o alumnado, que frecuentemente considera os aparatos electrónicos como fonte de ocio e comunicación e non tanto de formación e estudo. O Plan Dixital debe tratar de afondar nesa vertente de uso educativo e ético das Tecnoloxías de información e Comunicación.
- Doutra banda compre ter en conta que nestes últimos anos o profesorado do centro presenta unha alta porcentaxe de rotación e interinidade. O persoal docente nestes últimos 3 anos renovouse en practicamente a metade dos seus membros, e aínda hoxe a porcentaxe de persoal temporal é aproximadamente dun 25%. O Plan dixital debe ter en conta esta circunstancia, facilitando a incorporación do novo persoal docente que temos ano a ano.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital preséntase en base a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e

implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A principios de curso e a raíz da publicación da resolución do 3 de setembro informouse ao claustro da necesidade de elaborar un Plan Dixital ao longo do curso 21-22. Para a elaboración do presente plan Dixital constituíuse un grupo de traballo co equipo directivo e docentes voluntarios, no que participan en total 7 docentes de diferentes departamentos (informática, xeografía e historia, educación física, lingua galega, economía e tecnoloxía). O coordinador nomeado foi Jesús García Otero, profesor do departamento de tecnoloxía e vicedirector do centro. O grupo réunese periódicamente, seguindo a temporalización establecida pola Consellería de Educación para a realización das distintas fases do Plan Dixital e en coordinación cos titores dixitais.

As fases para a elaboración do Plan Dixital foron:

- Información ao claustro e posta en marcha da ferramenta SELFIE.
- Realización das enquisas SELFIE e análise dos datos recabados. O alumnado fixo a enquisa durante unha sesión de tutoría no propio centro educativo.
- Información para a realización do Test CDD.
- Realización do test CDD e análise de resultados.
- Formación para a realización do DAFO
- Realización da análise DAFO en base a os resultados das enquisas anteriores e de conversas co resto do claustro
- Escala dos obxectivos máis relevantes de cara a posta en marcha do plan o primeiro ano
- Formación para a elaboración do Plan de acción
- Elaboración do Plan de actuación, determinando as accións precisas para levar a cabo para cada obxectivo, temporalización, responsables e indicadores de logro
- Redacción do resto de apartados do Plan dixital

Todo este proceso que tivo lugar entre outubro 2021 e xuño 2022. Queremos agradecer a colaboración e total disposición da nosa "mentora dixital " Lola García Mateo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura de voz e datos

Espazos con conexións cableadas	62
Espazos con conexión sen fíos	55
Espazos sen conexión	4
Teléfonos fixos	9
Teléfonos sen fíos	2
Puntos wifi	24

Equipamento dispoñible

Aulas dixitalizadas	23
Aulas non dixitalizadas	13
Equipos de xestión e administración	9
Equipos para uso na biblioteca	6
Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos	22
Equipos para aula móbil	2
Equipos para ciclos de grao medio (SMR)	42
Equipos para ciclos de grao superior (ASIR) *	62 <i>*teñen unha antigüidade superior a 10 anos e poden considerarse practicamente obsoletos</i>
Equipos en aulas de informática	55
Proxecto EDIXGAL para uso do alumnado	81
Proxecto EDIXGAL para uso do profesorado	13
Proxecto Educa en Dixital	32

Servizos dixitais educativos

O centro fai uso intensivo dos seguintes servizos corporativos:

Páxina web do centro, aula virtual Moodle corporativa, espazo Abalar e Abalar Móvil para comunicación coas familias, xustificación de faltas, axendar reunións e comunicar incidencias e avisos. Tamén faise uso da plataforma Edixgal ao ser centro Edixgal dende o ano pasado. Engadir tamén que o centro fai uso da plataforma GSuit for Education principalmente para traballo en documentos colaborativos por parte de alumnado e profesorado.

Xestión do mantemento do centro

Dende hai 2 anos o mantemento dos equipos está externalizado. Unha empresa informática especializada faise cargo das labores de mantemento, actualización e arranxo de ordenadores, cableado interno de aulas do centro etc. O profesorado do ciclo de informática encárgase do mantemento dos equipos usados nos ciclos medio e superior.

Para o mantemento presencial está contratada a presenza do técnico 1 día /semana

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,3	2,3	1,6	
	Profesorado		3,4	3,4	2,2	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,6	2,6	2,1	
	Profesorado		2,8	2,8	2,2	
	Alumnado		2,6	2,6	2,6	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,5	2,5	2,8	
	Profesorado		3,6	3,6	3,2	
	Alumnado		2,9	2,9	3,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,7	3,7	3,1	
	Profesorado		3,5	3,5	3,1	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,1	3,1	4,3	
	Profesorado		4	4	4,3	
	Alumnado		4	4	4,2	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,5	2,5	2,8	
	Profesorado		3,4	3,4	3,7	
	Alumnado		3	3	3,5	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2	2	3,6	
	Profesorado		3,3	3,3	3,3	
	Alumnado		2,7	2,7	3,5	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,1	3,1	3,6	
	Profesorado		3,6	3,6	3,7	
	Alumnado		3,2	3,2	3,8	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	25	40	62,5
PROVISIONAL	3	8	37,5
INTERINO	3	4	75
SUBSTITUTO	1	6	16,7
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
91,3	B1	76,5	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	83,1	B1	79,3	B1
BAC	74,9	B1	79,3	B1
F.P	107,3	B2	80,3	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3
A2	9	27,3
B1	9	27,3
B2	9	27,3
C1	4	12,1
C2	1	3
TOTAL	33	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o grupo de traballo elaborou a matriz DAFO que sintetiza o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	En xeral bo equipamento informático, tanto en cantidade como calidade dos ordenadores. Todas as aulas dotadas de ordenador e proxeutor. Conexión por cable e wifi en todo o centro	Conexión a internet lenta as veces. Política de protección de datos insuficiente. Falta de espazos físicos que faciliten a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSONAL DOCENTE	Suficiente reflexión interna sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relacionado coas tecnoloxías dixitais. Existencia dun grupo de profesorado altamente cualificado en tecnoloxías que pode servir de dinamizador do centro.	Falta de tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. Non existe certificación en competencia dixital. Non existe colaboración con outras entidades.
	ALUMNADO	Habitado ao uso de plataformas dixitais (Aula Virtual, Google Classroom).	O equipamento dixital supón unha fonte de distracción para determinado alumnado.

		O alumnado de ESO, polo menos en parte, xa traballa en varias materias con medios dixitais (EDIXGAL)	Non todo o alumnado ten acceso a unha boa conexión de internet na súa casa
	FAMILIAS	Utilización prioritaria de medios tecnolóxicos para a comunicación dentro da comunidade educativa (Abalar). Un elevado número de familias fai uso desa ferramenta de comunicación.	Falta de acceso a internet dalgunhas familias. Os equipos Edixgal non permiten o acceso a internet, e os de Educa en Dixital traen tarxetas que non duran todo o curso.
	OFERTA	Existencia da oferta de ciclos formativos da familia de informática. Existencia de Materias propias de centro no ámbito dixital (programación en 2º ESO, impresión 3D en bacharelato e TICS en 4º e bach).	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Inexistencia de estratexia dixital a nivel global. Dificultade para establecer proxectos interdisciplinares entre diferentes departamentos. Inexistencia dunha listaxe da tecnoloxía existente no centro a disposición do profesorado/alumnado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Apoio na realización do Plan Dixital de centro. Existencia de recursos educativos en liña. Apoio na dotación de equipos para o alumnado que o precise. Próxima conexión a internet con velocidade 1Gb	Sobrecarga de tarefas burocráticas ao persoal docente que resta tempo de formación e experimentación. Preferencia polo uso de plataformas dixitais pouco intuitivas, mesmo impedindo o uso doutras plataformas nos equipos cedidos aos centros. Parte do claustro cambia cada ano e por tanto non se compromete en proxectos a longo prazo
	LEXISLACIÓN	A LOMLOE favorece o traballo por proxectos e a interdisciplinidade, polo tanto, os medios dixitais, en particular os de traballo colaborativo, son ferramentas moi boas para iso.	Normativa educativa dispersa, cambiante e confusa.
	CONTORNA	Existencia doutros espazos (poucos) onde o alumnado pode acceder a equipos informáticos (Biblioteca municipal). Proximidade á grande plataforma loxística do Sergas.	Hai zonas do rural onde apenas hai acceso a Internet. O hábitat disperso dificulta que este alumnado acuda á vila para utilizar os recursos que existen nela.
	ANPA		ANPA moi pequena, con pouca representatividade e participación.
	OUTRAS ENTIDADES	Existencia de actividades/concursos/feiras tecnolóxicas promovidas por axentes externos (outros IES, Institucións...)	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta a constante evolución dos mesmos.

A continuación recollemos os obxectivos consensuados de cara ao curso 22-23

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 1: (1)	Empregar a aula virtual para proporcionar retroalimentación nas prácticas de avaliación do alumnado				Acadado	
Responsable:	Xefe de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de cuestionarios con retroalimentación/curso levadas a cabo co alumnado na Aula Virtual					
Valor de partida: (3)	0 cuestionarios/curso					
Valor previsto e data: (4)	2 cuestionarios/curso a fin de curso			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Solicitar a creación dun GT para a formación do profesorado na elaboración de bancos de preguntas e optimizar as opcións dos test	Equipo directivo/ Asesoría CAFI CFR / Persoa coordinadora do GT	1º trimestre	Solicitud de formación e ordenador con internet	Nº de profesores solicitantes	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Elaboración dos bancos de preguntas e cuestionarios adecuados aos contidos en cada materia	Profesorado participante	2º trimestre	Aula virtual corporativa / Ordenadores con internet	Nº de bancos de preguntas creado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:utilización dos test con retroalimentación na avaliación do alumnado	Profesorado participante	3º trimestre	Aula virtual corporativa / Ordenadores con internet	Nº de actividades de avaliación realizadas por materia participante	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A) ou Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 2: (1)	Crear guías informando da tecnoloxía existente no centro para alumnado e profesorado, con exemplos de uso				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC / Edixgal				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	N.º de guías					
Valor de partida: (3)	0 guías					
Valor previsto e data: (4)	2 guías (para profesorado e para alumnado)			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Solicitud de creación dun GT para a elaboración das guías	Equipo directivo/ Asesoría CAFI CFR / Persoa coordinadora do GT	1º trimestre	Solicitud de formación e ordenador con internet	Nº de profesores solicitantes	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Elaboración do inventario da tecnoloxía existente no centro	coordinador/a do GT e coordinador TIC	2º trimestre	Aula virtual corporativa / Ordenadores con internet	Participación activa do profesorado na elaboración das guías	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Posta a disposición das familias e do profesorado das guías elaboradas	coordinador/a do GT e coordinador TIC	3º trimestre	Aula virtual corporativa / Ordenadores con internet / web do centro	Nº de guías publicadas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 3: (1)	Utilizar as tecnoloxías emerxentes de forma ética para explorar experiencias e contidos de aprendizaxe novos				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC / Edixgal				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de actividades realizadas					
Valor de partida: (3)	0 actividades. Non se fai formación sobre este tema					
Valor previsto e data: (4)	3 actividades			3º trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitar charlas para alumnado e profesorado por parte de expertos na materia	Equipo directivo/ Asesoría CAFI CFR / Persoa coordinadora do Plan Dixital	1º trimestre	Solicitud de formación e ordenador con internet	Nº de charlas solicitadas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Impartición de charlas para o profesorado e para o alumnado por niveis educativos	Equipo directivo/ Asesoría CAFI CFR / Persoa coordinadora do Plan Dixital	1º e 2º trimestre	Aulas con ordenador e proxector	Nº de charlas impartidas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Posta en práctica das recomendacións recibidas	Titores de grupo	2º e 3º trimestre	Aulas con ordenador e proxector, tablets ou teléfonos móbiles do alumnado	Nº de actividades realizadas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4:Autoavaliación	Titores de grupo e coordinación do plan dixital	3º trimestre	Aulas de informática con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e Equipamento (C)						
OBXECTIVO 4: (1)	Dotar as aulas EDIXGAL de todo o material necesario				Acadado	
Responsable:	Coordinador EDIXGAL				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	n.º de carros e ordenadores de aula recibidos					
Valor de partida: (3)	0 (a día de hoxe non temos carros cargadores nin ordenadores de aula)					
Valor previsto e data: (4)	6 carros e 6 ordenadores			1º trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Solicitar o material	Equipo directivo/ coordinador EDIXGAL	1º trimestre	Solicitud / ordenador con internet	Solicitud feita	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Conexión e posta en marcha do material recibido	Coordinador EDIXGAL / Coordinador TIC	1º trimestre	Instalación eléctrica adecuada nas aulas	Nº de aulas listas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e Equipamento (C) e Pedagogía: implementación en aula (F)						
OBXECTIVO 5: (1)	Mellorar a dotación do centro e a súa oferta formativa para toda a comunidade educativa a través da creación dun Polo Creativo				Acadado	
Responsable:	Responsable Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	n.º de actividades realizadas no seo do Polo Creativo					
Valor de partida: (3)	0 equipamento e 0 actividades					
Valor previsto e data: (4)	1 actividade por departamento participante			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Solicitar o Polo Creativo	Equipo directivo/ Coordinador Plan Dixital	1º trimestre	Solicitud de formación e ordenador con internet	Solicitud realizada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Acondicionamento dos espazos (antiga casa do conserxe)	Secretaría do centro	Verán- 1º trimestre	Permiso Xefatura territorial. Presupuesto suficiente	M² acondicionados e dispoñibles para instalación do Polo Creativo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Recepción e posta en funcionamento do equipamento recibido	Coordinador Plan Dixital e profesorado participante	1º-2º trimestre	Espazo correctamente acondicionado	Valor do equipamento recibido e instalado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Realización de actividades no polo creativo	Coordinador Plan Dixital e profesorado participante	Ao longo do curso	Espazo correctamente acondicionado	Nº de actividades levadas a cabo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

(2) INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.

(7) DATA PREVISTA FIN : Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

ESTADO: Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Resumimos as necesidades detectadas de equipamento e infraestruturas:

- Precisamos equipamento para dixitalizar 6 aulas de desdobles (PDI + canón + ordenador do profesorado).
- Carros cargadores para 6 aulas EDIXGAL (os tres que non chegaron o ano pasado máis os tres necesarios para este ano).
- É necesario actualizar os switchs do armario de telecomunicacións a 1Gb xa que son de 100 Mb e non podemos aproveitar o ancho de banda dispoñible no centro.
- 6 ordenadores para a aula de Formación Profesional Básica 1 de comercio. Temos na actualizade 12 equipos instalados pero a oferta de admisión é para 18 persoas, polo que se necesita ter 6 postos máis para o caso de que se cubran todas as prazas.
- Ordenadores para o ciclo de ASIR 1. 31 ordenadores que xa foron pedidos varias veces e non temos resposta. Os equipos actuais son xa moi vellos e aínda que foron ampliados ao longo destes anos xa non dan máis de si.
- 31 ordenadores para renovación dos equipos de ASIR 2 que tamén xa teñen moitos anos.
- Equipamento informático para o polo creativo (conectividade dos espazos, 3 ordenadores, impresora)

4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será obxecto de avaliación parcial e final.

Avaliación procesual a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A avaliación final terá lugar a final de curso, a súa periodicidade será anual. Os aspectos a considerar serán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O presente Plan Dixital será comunicado a

-todo o profesorado do centro, incluído o novo profesorado que se incorpore ao inicio do vindeiro curso. Enviarase por correo electrónico unha copia do Plan Dixital conxuntamente coa guía de profesorado do centro que elaboramos anualmente. Informarase tamén do seguimento das actuacións previstas.

-Resto da comunidade educativa. O Plan estará dispoñible na web do centro no apartado de documentación institucional e informarase deste feito á comunidade educativa por medio de AbalarMobil e/ou correo electrónico.